

DOCUMENTO ANEXOS: CONVENIO FIRRETE ASINADO	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: BK07F-ZMWV9-84BZA Fecha de emisión: 17 de enero de 2019 a las 9:04:52 Página 1 de 8	FIRMAS	ESTADO NO REQUIERE FIRMAS



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEDEUME E CLUBE NÁUTICO FIRRETE PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2018

Pontedeume, 27 de setembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, don Bernardo Fernández Piñeiro, DNI nº 32 705 210 - S, Alcalde do Concello de Pontedeume, en nome e representación do concello.

Doutra parte, Ramiro Piñeiro Oliveira con DNI 32650397-B en representación de Clube Náutico Firrete con CIF G-15080831

Tendo en conta o acordo adoptado o 24/09/2018 ao abeiro do previsto na base 70 de execución do orzamento do exercicio 2018 do Concello de Pontedeume, polo que se lle concede unha subvención con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000 por un importe de 24.100 €.

Tendo en conta o artigo 2.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o artigo 2 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume; segundo os cales serán subvencións as disposicións diñeirarias realizadas polo Concello suxeitas ó cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular; debendo cumprir os beneficiarios coas obrigas materiais e formais que se establecen; tendo por obxecto estas condutas o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social ou promoción dunha finalidade pública de interese local

Firmado por
PIÑEIRO OLIV
EIRA
RAMIRO
(FIRMA)

Co fin de dar cumprimento ó previsto no artigo 22 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume, que establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos, e co obxecto de fomentar e promocionar a práctica do deporte nas categorías base e para colaborar nas actividades que neste senso se organicen no Concello de Pontedeume,

As partes, segundo interveñen recoñécense reciprocamente capacidade legal necesaria, e


EXPOÑEN

Primeiro.-

Que a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece no seu artigo 28 o procedemento de concesión directa de subvencións e que a subvención que se tramita non pode ser obxecto de publicidade e concorrência ao tratarse de actividades concretas realizadas por unha única entidade. Que o Concello de Pontedeume, de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de



DOCUMENTO ANEXOS: CONVENIO FIRRETE ASINADO	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: BK07F-ZMWV9-84BZA Fecha de emisión: 17 de enero de 2019 a las 9:04:52 Página 2 de 8	FIRMAS	ESTADO NO REQUIERE FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 56004 BK07F-ZMWV9-84BZA F9BF7496BE081FC467F9F093892D25C96C57AC91) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

subvencións do Concello de Pontedeume (BOP nº 142-21/06/2008), pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento xeral municipal.

Segundo.-

Que a actividade presenta un claro interese público, social e económico xa que fomenta a practica de deporte nas categorías base, sendo o Clube Náutico Firrete de Pontedeume un referente tanto a nivel autonómico como estatal, ademais de participar con deportistas en competicións de carácter internacional.

A finalidade do convenio é o financiamento de competición federadas e a formación dos rapaces nas categorías base co obxecto de seguir formando a práctica deste deporte no ámbito da xuventude, así como para a organización da 51ª Edición da Baixada do Eume en Piragua, favorecendo de xeito prácticas saudables que colaboren no desenvolvemento dos valores integrais da persoa tanto de forma individual como colectiva e a prevención de actitudes sedentarias e o consumo de sustancias nocivas neste grupo de idade.

As actividades a financiar son as seguintes:

- Licenzas federativas das categorías base: prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil.
- Gastos do monitorado en formación das categorías base sinaladas anteriormente ata un máximo do 75% do custe total das retribucións.
- Baixada do Eume. (Cánones e taxas, trofeos, publicidade e servizos de emerxencia)
- Participación (desprazamentos e pernoctas) nas competición de Xóvenes Promesas, Copa Xunta de Galicia e Liga da Provincia.

Terceiro.-

Que nin o presidente nin a asociación, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incurso en suposto ningún aos que se refire o artigo 13.2 da Lei da lei 38/2003 que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario, estando a persoa xurídica representada ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, coa Comunidade Autónoma e co Concello de Pontedeume impostas polas disposicións vixentes no momento de sinatura deste Convenio.

Cuarto.-

Que no orzamento do exercicio 2018 do Concello de Pontedeume existe crédito axeitado e suficiente con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000 para facer fronte a este convenio, por importe de 24.100 €, a favor de Club Náutico Firrete de Pontedeume, sendo a súa finalidade as actividades referenciadas no punto 2º deste convenio.

Quinto.-

Que o Club Náutico Firrete de Pontedeume non ten asinado ningún outro convenio nin recibe subvención ningunha ou outros ingresos de calquera outra administración pública ou entes públicos ou privados para o mesmo fin. No caso de variar esta circunstancia, comprométese a informar ao Con-

DOCUMENTO ANEXOS: CONVENIO FIRRETE ASINADO	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: BK07F-ZMWV9-84BZA Fecha de emisión: 17 de enero de 2019 a las 9:04:52 Página 3 de 8	FIRMAS	ESTADO NO REQUIERE FIRMAS



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

cello de Ponte deume desta situación e a que o importe total das subvencións/achegas concedidas/percibidas non exceda o 100% do custo total das actuacións subvencionables.

Con base no exposto anteriormente, o Concello de Ponte deume e o Club Náutico Firrete de Ponte deume asinan o presente convenio de colaboración, con base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto colaborar co Clube Náutico Firrete na súa actividade como promotora e organizadora das actividades enumeradas no punto 2º deste convenio.

A axuda que o Club Náutico Firrete recibe por parte do Concello está destinada a as actividades enumeradas no punto dous.

O beneficiario comprométese a destinar a devandita subvención ás ditas actividades.

SEGUNDA. PERÍODO DE VIXENCIA DO CONVENIO

O período de vixencia do presente convenio abrangue dende o 01/01/2018 ata o 31/12/2018 tendo o convenio carácter retroactivo polo que se pódén achegar como xustificantes de gasto os realizados dende o 1 de xaneiro de 2018.

TERCEIRA. CRÉDITO ORZAMENTARIO

O Concello de Ponte deume comprométese a destinar a cantidade máxima de 24.100 € no orzamento do ano 2018

CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES


Serán subvencionables os gastos derivados do desenvolvemento da antedita actividade, ata un máximo de 24.100 €, que se realicen dende o 01/01/2018 ata o 30/11/2018, tendo en conta os conceptos subvencionados e a estimación de gastos e ingresos indicados.

Con carácter xeral non se admitirán como xustificantes facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde. En ningún caso se admitirán como xustificante de gastos as cantidades satisfeitas ao concello polo uso das súas instalacións municipais ou calquera outro imposto ou taxa.

Terá a consideración de gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.



DOCUMENTO ANEXOS: CONVENIO FIRRETE ASINADO	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: BK07F-ZMWV9-84BZA Fecha de emisión: 17 de enero de 2019 a las 9:04:52 Página 4 de 8	FIRMAS	ESTADO NO REQUIERE FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 56004 BK07F-ZMWV9-84BZA F9BF7498BE981FCA67F9F093892D25C96C57AC91) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida (24.100 €). En caso de obterse outras subvencións, o orzamento a xustificar será a suma das contías subvencionadas.

Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, que poida percibir o beneficiario. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

QUINTA. CONTRATACIÓN .

Corresponderalle ao Club Náutico Firrete de Pontedeume a contratación dos servizos a asistencias así como calquera outro gasto que orixinen as actividades obxeto deste convenio.

No procedemento de contratación, o Club Náutico Firrete de Pontedeume debe axustarse o estipulado no artigo 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

SEXTA. DOCUMENTACIÓN

Para a plena efectividade deste convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Acreditación da personalidade do beneficiario (CIF da entidade).
 - b) Acreditación da personalidade do seu representante (DNI da persoa que vai subscribir este convenio).
 - c) Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento. Calendario de fechas de realización.
 - d) Declaración xurada de se foron solicitadas ou non outras subvencións para a mesma finalidade, procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
 - e) Acreditación de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (estado e comunidade autónoma), e en concreto, co Concello de Pontedeume, e coa Seguridade Social, e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de subvención.
 - f) Declaración responsable de non estar incurso a entidade en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
 - g) Certificación dos datos bancarios da entidade.
- No caso de que algunha da antedita documentación obrase en poder do concello, exímese da súa presentación.

En todo caso, a devandita documentación XÚNTASE no momento da sinatura deste convenio

SÉTIMA. OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Son obrigas do beneficiario:

- a) Levar a cabo a totalidade das actividades que se establecen no proxecto presentado ao efecto da

DOCUMENTO ANEXOS: CONVENIO FIRRETE ASINADO	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: BK07F-ZMWV9-84BZA Fecha de emisión: 17 de enero de 2019 a las 9:04:52 Página 5 de 8	FIRMAS	ESTADO NO REQUIERE FIRMAS



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

obtención desta subvención.

b) Lucir o logotipo do Concello de Ponte deume en todas as actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.

c) Cumprir coas obrigas que se establecen no artigo 6 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.

OITAVA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A achega do Concello de Ponte deume será abonada á Club Náutico Firrete de Ponte deume, mediante transferencia bancaria ao número de conta ES13 2080 0201 9630 4002 2992 do seguinte xeito: Primeiro prazo, por importe máximo do 90% da subvención, con carácter de anticipo prepagable a xustificar que se aboará no prazo máximo de 10 días dende a sinatura do presente convenio. Segundo prazo, por importe de 10% restante da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa e detallada do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención especificando as actividades que se realizaron, con expresa mención dos resultados obtidos, incluíndo unha relación dos gastos ocasionados polas actividades que se realizaron e dos ingresos que se obtiveron para as ditas actividades.

b) Acreditación gráfica do cumprimento de facer constar a colaboración do Concello de Ponte deume en toda a información que se faga das actividades subvencionadas (folletos, carteis, libros, videos, CD 's, etc). Isto é, dar adecuado publicidade do financiamento polo Concello das actuacións que son obxecto de subvención, debendo facer constar a colaboración do Concello en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se faga das actividades subvencionadas.


c) Declaración xurada que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención.

d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do seu importe e a súa procedencia ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto. Neste caso expedirase declaración xurada que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade.


e) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:

- Unha relación clasificada de todos os gastos da actividade, con identificación do acredor e dos documentos, o seu importe, data de emisión e data do pagamento

- Alta no IAE das empresas prestadoras dos servizos e facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e o xustificante bancario do seu pagamento, que acrediten os gastos realizados.



DOCUMENTO ANEXOS: CONVENIO FIRRETE ASINADO	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: BK07F-ZMWV9-84BZA Fecha de emisión: 17 de enero de 2019 a las 9:04:52 Página 6 de 8	FIRMAS	ESTADO NO REQUIERE FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 56004 BK07F-ZMWV9-84BZA F9BF7498BE081FCA67F9F09382D25C96C57AC91) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Conforme ao establecido na LXS as facturas deberán ser orixinais ou copias debidamente compulsadas.

As facturas deberán cumprir **os requisitos do Real decreto 1619/2012**, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En particular, deberán especificar, como mínimo, os seguintes requisitos:

- Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
- Nome, enderezo e CIF do beneficiario da subvención, debendo estar estendidos ao nome da entidade.
- Número de factura e data de emisión.
- Importe total. Se figuran varios artigos é necesario que se detallen e se describan os conceptos detallados. Descripción do servizo prestado.
- Detalle do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención deberá facerse constar expresamente na factura.

As facturas deberán conter perfectamente definido o obxecto facturado. De ser o caso poderá achegarse tamén declaración e aclaración de que o dito obxecto está incluído na finalidade da subvención.

f) Certificados de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (estado e comunidade autónoma), e en concreto, co Concello de Pontedeume, e coa Seguridade Social, e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de subvención.

Unha vez realizada a actividade subvencionada, o beneficiario deberá presentar a conta xustificativa como máximo o **15/12/2018**.

O pagamento final da subvención realizarase logo da xustificación da realización da actividade, nos termos previstos nas cláusulas anteriores. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concurrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003.

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total verase reducido proporcionalmente o importe a percibir.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, os pagamentos que realice a provedores de servizos nas actividades financiadas deberán quedar acreditados documentalmente mediante a **utilización de transferencia bancaria**, que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Non obstante permitirse xustificación de pagamentos en efectivo **sempre que o seu importe non supere os 150 euros**, que deberá xustificarse ademais de coa lenda de “pagado” na factura cunha **declaración xurada do tesoureiro da entidade, onde quede constancia das facturas que se pagaron en efectivo e das datas do seu pagamento**.

De non presentar a xustificación no prazo establecido, ou non desistir de forma motivada e por escrito

DOCUMENTO ANEXOS: CONVENIO FIRRETE ASINADO	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: BK07F-ZMWV9-84BZA Fecha de emisión: 17 de enero de 2019 a las 9:04:52 Página 7 de 8	FIRMAS	ESTADO NO REQUIERE FIRMAS



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

no dito prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

Mediante acordo de órgano competente acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto deste convenio, procedéndose á aprobación da conta xustificativa presentada polo beneficiario, e ordenándose o pagamento. Todo isto, sempre e cando a documentación xustificativa fose a correcta.

O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto polo beneficiario.

A axuda serán destinadas unicamente a financiación das actividades segundo o sinalado no punto 2º deste convenio.

O Concello de Ponte deume non asumirá, directa ou indirectamente, ningunha outra cantidade relativa ás actuacións subvencionadas que exceda da estipulada neste convenio de colaboración.

NOVENA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións que se tiveran en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda que se contempla no presente convenio.

DÉCIMA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN


Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das contías recibidas.


DECIMO PRIMEIRA. COMISIÓN SEGUIMIENTO

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o dito convenio. Esta comisión estará composta en representación do Concello de Ponte deume pola concelleira delegada da área de deportes quen poderá delegar no funcionario dese área que estime oportuno, e pola outra parte o representante legal da entidade ou persoa na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:



DOCUMENTO ANEXOS: CONVENIO FIRRETE ASINADO	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: BK07F-ZMWV9-84BZA Fecha de emisión: 17 de enero de 2019 a las 9:04:52 Página 8 de 8	FIRMAS	ESTADO NO REQUIERE FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 56004 BK07F-ZMWV9-84BZA F9BF7496BE981FC467F9F09382D25C96C57AC91) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

1. Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
2. Interpretar e resolver as dúbidas, que se puideran suscitar na aplicación do convenio.

DECIMO SEGUNDA. CONTROL FINANCEIRO, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E SANCIONES

Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigos 29 e seguintes da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume, a entidade beneficiaria poderá ser obxecto dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón este convenio de colaboración.

A entidade beneficiaria deberá someterse, cando así se lle requira, ás actuacións de comprobación e control financeiro por parte da Intervención xeral do Concello.

Tamén quedará a dita asociación obrigada a conservar os documentos xustificativos dos fondos percibidos, así como a documentación contable que lle sexa esixida na súa lexislación aplicable, co fin de facilitar as actuacións de comprobación e control

No que respecta ao reintegro de subvencións e imposición das correspondentes sancións estarase ao disposto nos artigos 24 e seguintes, 33 e 34 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume.

DECIMO TERCEIRA. NATUREZA

Este convenio ten natureza administrativa, as resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso administrativa.

DECIMO CUARTA. INTERPRETACIÓN

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución do obxecto do convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Pontedeume, e as Bases de execución do orzamento do ano 2018.

En proba da súa conformidade asinan este convenio por triplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.